

RESOLUCIÓN autorizando actividades susceptibles de recoñecemento de créditos en virtude do acordo da Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes do 24 de abril de 2025.

Visto o acordo do 23 de abril de 2025 da Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes, establecida no Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación (aprobado en Consello de Goberno 10/10/2016), e en virtude das competencias atribuídas polas normas legais, esta reitoría

RESOLVE:

Autorizar o recoñecemento de créditos ECTS, naquelas titulacións que así o establezan nos seus planos de estudo, pola asistencia as actividades académicas que se relacionan no Anexo.

De acordo co artigo 4.1 do Regulamento citado, o recoñecemento académico de créditos optativos por as actividades recollidas no artigo 1, será dun máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade.

Natalia Caparrini Marín



ANEXO (Acordo comisión do 23 de abril de 2025)

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Código Sigma	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración	Data de autorización	Horas	Créditos recoñecidos
Actividade Internacional: “Curso de Experimentos”	720186	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense	Maria Montserrat Cruz González	Do 21/04/2025 ao 14/06/2025	23/04/2025	90	3
Desenvolvemento rexional, resilienica e sostenibilidade fronte a múltiples crisis. Puntos de vista das diversas partes interesadas	720187	Facultade de Dirección e Xestión Pública da Uvigo e a University of Pardubice (Czechia) – Convenio BIP coa ORI	Sara María Torres Outón	Do 25/03/2025 ao 18/04/2025	23/04/2025	42	3



CSV : GEN-cf61-3c3f-56fe-c48a-aa0a-77b2-d97c-26af

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pl/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 24/04/2025 09:31 | NOTAS : F